

1º de BAC
Exercicios resoltos da semana do 23-27 de marzo

2ª sesión.

6.

- a) Localiza no texto dous verbos pronominais e crea oracións nas que non o sexan. Prodúcese algún cambio de significado?

Verbos	exemplos do texto / outros exemplos	significado
Espir	íspese o delgado sorriso do misterio (v.9)	Quitar a roupa, en sentido figurado
	Espín a roupa	Quitar a roupa
	O vento vai espindo as árbores	Quitar a roupa, en sentido figurado
Rir	O viño rise tras do limpo cristal (v.11)	manifestar alegría
	ela riu con gana ao oílo	manifestar alegría
	sempre lle rin as grazas	celebrar con risas

No verbo rir prodúcese un cambio de significado:

- Rir: 1.**Expresar alegría por medio de movementos do rostro e da boca e emitindo ao mesmo tempo uns sons característicos, máis ou menos ruidosos. *Nunca o vin rir. Rin tanto que me saían as bágoas*
2.Celebrar con risa [algo que alguén fai ou di]. *Non riades as súas bromas.*

Rir (se) verbo pronominal: 3.Facer burla de alguén ou algo desprezándoo. *Riuse dos nosos vestidos*

- b) Algúns dos verbos non pronominais que aparecen no texto si poden selo. Cales?**

Poden ser pronominal o verbo:

- *Mergullar / mergullarse*

Mergullar: meter [algo ou alguén] na auga ata quedar cuberto por ela

Mergullarse: Meterse na auga ata quedar cuberto por ela.

8. Analiza morfoloxicamente as seguintes formas verbais:

Verbo	Tempo e modo	Raíz	VT	M-T	N-P
<i>comades</i>	p5 Presente de Subxuntivo	com	-	a	des
<i>escribía</i>	p1 ou p3 Copretérito	escrib	í	a	-
<i>quixese</i>	p1 ou p3 Pretérito Subxuntivo	quix	e	se	-
<i>conseguín</i>	p1 Pretérito Indicativo	consequ	í	-	n
<i>tratardes</i>	p5 Futuro Sub./ Infinitivo C.	trat	a	r	des
<i>levo</i>	p1 Presente de Indicativo	lev	-	-	o
<i>parte</i>	p3 Presente de Indicativo	part	e	-	-
<i>tratarían</i>	p6 Pospretérito	trat	a	ría	n
<i>viviren</i>	p6 Futuro Sub./ Infinitivo C.	viv	i	re	n
<i>borrarás</i>	p2 Futuro de Indicativo	borr	a	rá	s
<i>contarei</i>	p1 Futuro de Indicativo	cont	a	re	i

9. Le o seguinte texto e responde as cuestións:

a) É posíbel no último parágrafo cambiar o pretérito de subxuntivo polo antepretérito?

Aparecen dous Pretéritos de Subxuntivo no parágrafo: “pero se a idea que predicán **botase** axiña raíces no sentimento popular e se, por acaso, **xurdise** a ocasión de vela trocada en feito hestórico para abrir unha época, entón...” Nos dous casos ten o valor característico do Subxuntivo (expresan accións non reais ou non coñecidas: hipóteses ou suposicións) polo que non é posíbel expresalo co Antepretérito xa que as accións non son reais e non se corresponden cun tempo anterior a outro xa pasado.

O único caso onde se poden usar indistintamente estes dous tempos é nas oracións con valor desiderativo, e estas formas verbais non teñen ese valor.

b) Conxuga seguindo a norma actual aquelas formas verbais que non a sigan no texto.

sigue → segue

escrebir → escribir

ocurre → ocorre

decirlles → dicirlles

sinten → senten

convertíndose → converténdose

10. Analiza as seguintes parellas de formas verbais e indica o verbo ao que pertencen.

fuxe	p2 do Imperativo do verbo fuxir
foxen	p6 do Presente de Indicativo do verbo fuxir
colle [o]	p2 do Imperativo do verbo <i>coller</i>
colle [ɔ]	p3 do Presente de Indicativo do verbo <i>coller</i>
levan	p6 do Presente de Indicativo do verbo <i>levar</i>
leven	p6 do Presente de Subxuntivo do verbo <i>levar</i>
contaran	p6 do Antepretérito do verbo <i>contar</i>
contarán	p6 do Futuro de Indicativo do verbo <i>contar</i>
cobran	p6 do Presente de Indicativo do verbo <i>cobrar</i>
cubran	p6 do Presente de Subxuntivo do verbo <i>cubrir</i>
doia	p1 ou p3 do Presente de Subxuntivo do verbo <i>doer</i>
doa	p3 do Presente de Indicativo do verbo <i>doar</i>
caía	p1 ou p3 do Copretérito do verbo <i>caer</i>
caia	p1 ou p3 do Presente de Subxuntivo do verbo <i>caer</i>
fere	p3 do Presente de Indicativo do verbo <i>ferir</i>
fire	p3 do Imperativo do verbo <i>ferir</i>
puider	p1 ou p3 do Futuro de Subxuntivo do verbo <i>poder</i>
poder	p1 ou p3 do Infinitivo Conxugado ou Infinitivo Invariábel
facermos	p4 do Infinitivo conxugado do verbo <i>facer</i>
fixermos	p4 do Futuro de Subxuntivo do verbo <i>fixer</i>
saíamos	p4 do Presente de Subxuntivo de saír
saíamos	p4 do Copretérito de Indicativo de saír
vamos	p4 do Imperativo de ir
imos	p4 do Presente de Indicativo de ir

3º sesión

Como nesta sesión o grupo 1º BAC A e 1º BAC B tiñan algúns exercicios comúns e outros específicos para cada grupo, cada un debe corrixir os exercicios que tiña que realizar.

ORTOGRAFÍA

1. A continuación aparecen definiciones de palabras que presentan os sufixos -ente, -inte ou -iente. Procura a palabra correspondente a cada definición:

AFLUENTE: Curso de auga que se une a outro máis importante.

INDEPENDENTE: Que se vale por si mesmo.

CONDUCTENTE: Que conduce ou leva a algo.

CONVENIENTE: Que convén ou é oportuno para algo.

DESOBEDIENTE: Que non obedece.

ESCRIBENTE: Persoa que escribe o que se lle dita ou copia escritos alleos.

FERVENTE: Que está fervendo ou que está cheo de fervor.

IMPACIENTE: Falto de paciencia para agardar algo.

INSUFICIENTE: Que non abonda.

MALDICENTE: Que maldí ou leva implícita maldición.

DOENTE: Persoa enferma.

RELUCENTE: Que reloce.

SEMOVENTE: Que se move a si mesmo ou polos seus propios medios.

SERVENTE: Home que traballa para alguén, servíndoo.

TENENTE: Oficial do exército intermedio entre alférez e capitán.

2. Completa ortograficamente os seguintes fragmentos textuais:

a) Ao pé daquela **ermida**, nun lugar bastante **inhóspito** e de acceso **prohibido** a persoas que carecesen da pertinente **habilitación**, vivía co seu **irmán** un famoso **truán** que tiña un **ombreiro** máis alto que outro e que se fartaba de **inchar** e de **encher** os airbags do seu **vehículo** con substancias moi **heteroxéneas**, case todas **ilegais**, porque así **evitaba** que se **humedecesen**.

b) Tiña os **ósos** tan estragados que necesitaba urxentemente, se quería ser **coherente** consigo mesmo, facer a **rehabilitación**, por máis **inusual** que lle resultase ter que **exhibir** diante doutro ser **humano** a súa debilidade e a súa falta de **harmonía** corporal.

c) Segundo se recolle na declaración **gravada** pola policía, o **veleno** que usou meu **bisavó** o día da súa **voda** era unha mestura de **verniz** de cor **vermella**, auga recollida dun **chuvasco** e **verzas** de cor **verde**. Sentado comodamente na súa **butaca favorita**, primeiro **baleirou** a súa mestura nunha **botella** moi **esvelta** e despois de remexer e **disolver ben** todo, fixo que o seu inimigo a **sorbese** nun **vaso** de cristal de **Bohemia**. Ao tío empapáronselle **ben** as **enxivas** co **veleno** e **rebotou** aos poucos minutos.

3. Indica se é correcta ou non a ortografía e a forma que presentan as palabras marcadas con negra:

Resulta **excesivo** e **exaxerado** que pechen a **praza completamente** para ese concerto.

Un acto **cirúrxico** sobre vísceras **brandas** e **frouxas** require no quirófano unha **infraestrutura** importante.

Cando a **frecha** o atravesou tivo que soltar unha **exclamación**, e non de **saúdo** precisamente.

Organizar un acto co **cardenal significa** que hai que **ordenar** aos seminaristas que **estuden** ben os **evanxeos** por se fai preguntas

4. Coloca h onde faga falta:

velaí	coherente	adhesión	aí	aprehender
hemeroteca	ombro	ola	encher	harmónico
bohemio	deshidratar	desinchar	filharmonía	hasta
hedra	hendecasílabo	herba	úmero	oco

5. Identifica as seguintes abreviaturas:

(a.)	alias	cía.	compañía	fol.	folio	núm.	número
Admón	Administración	col.	colección	farm.	farmacia	op. cit.	obra citada
a. m.	ante meridiem	dta.	dereita	hab.	habitantes	páxs.	páxinas
aprox.	aproximadamente	doc.	documento	íd.	idem	p.ex.	por exemplo
art. cit.	artigo citado	Dra.	Doutora	irreg.	irregular	P.D.	post data

7. Uso de B e V

Completa as palabras seguintes con B ou V segundo corresponda:

Ávrego	Avogado	Automóbil	Covarde	Esvelto
Gabián	Gravar	Marabilla	Móbil	Movíbel
Varrer	Verza	Bidueiro	Voda	Bolboreta

8. Identifica e analiza morfoloxicamente as seguintes formas verbais:

Verbo	Tempo e modo	Raíz	V T	M-T	N-P
Amei	p1 pretérito de indicativo	am	e	-	i
Saltaban	p6 copretérito de indicativo	salt	a	ba	n
Sabías	p2 copretérito de indicativo	sab	i	a	s
Haxades	p5 presente subxuntivo	hax	-	a	des
Fuxísemos	p4 pretérito subxuntivo	fux	i	se	mos